



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tecnoloxías da linguaxe

Materia	Tecnoloxías da linguaxe			
Código	V01G180V01906			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Gómez Guinovart, Francisco Xavier			
Profesorado	Gómez Guinovart, Francisco Xavier			
Correo-e	xgg@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia prepara o alumnado na comprensión das técnicas utilizadas no procesamento informático da linguaxe, e no uso das ferramentas que as tecnoloxías lingüísticas proporcionan para a investigación e a docencia de linguas, con especial atención aos recursos dispoñíbeis para as linguas impartidas no Grao.			

Competencias de titulación

Código	
A3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñíbeis, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
A13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada
B1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo

B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados da Lingüística Computacional	A3 A4 A5	B1
Coñecer os recursos, ferramentas e aplicacións das Tecnoloxías da Lingua	A12 A13	B1
Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento destes recursos	A6 A12	B1 B5
Manexar adecuadamente os recursos lingüístico-computacionais dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e filolóxica, e á docencia das linguas impartidas no Grao	A6 A7 A12	B3 B5
Analizar e avaliar os recursos, ferramentas e aplicacións das Tecnoloxías da Lingua	A4 A6 A8	B2 B3 B5
Resolver problemas de lingüística computacional e elaborar traballos académicos de calidade	A6 A7 A8 A9	B3 B4
Adquirir interese polas linguas, pola lingüística aplicada e polas aplicacións lingüísticas da informática	A10 A12 A13	
Desenvolver unha actitude crítica informada con respecto ás tecnoloxías lingüísticas e ao seu papel na sociedade da información	A10 A11 A13	B5

Contidos

Tema	
1. As linguas e as tecnoloxías da linguaxe	1.1. Introducción 1.2. As linguas na sociedade da información 1.3. Recuperación da información 1.4. Tradución automática 1.5. Busca de respostas 1.6. Procesamento da fala 1.7. Asistencia á escritura 1.8. Dicionarios electrónicos 1.9. Textualidades electrónicas
2. Lingüística con corpus	2.1. Fundamentos da lingüística con corpus 2.2. Tipoloxía dos corpus 2.3. Representatividade e extensión 2.4. Corpus de lingua inglesa 2.5. Corpus de lingua galega 2.6. Corpus de lingua española 2.7. Explotación de corpus

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	26	40	66
Estudo de casos/análises de situacións	13	28	41
Resolución de problemas e/ou exercicios	11	30	41

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia
Sesión maxistral	Exposición, por parte do profesorado da materia, dos contidos obxecto de estudo ou das actividades que ten que desenvolver o alumnado
Estudo de casos/análises de situacións	Análise e estudo de problemas concretos, tanto teóricos como prácticos, no ámbito dos contidos do programa da materia
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formúlanse exercicios relacionados coa materia, e o estudantado debe resolvelos aplicando os coñecementos asimilados nas clases de exposición da materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O profesorado supervisará o traballo realizado polo alumnado durante a realización de exercicios e de estudos de caso sobre os contidos da materia

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliación dos exercicios prácticos e problemas realizados en clase sobre os contidos da materia.	100

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

1.1. Avaliación continua

Na primeira edición de actas a avaliación será continua, consonte o detallado máis arriba. A condición para ser avaliada/o será a asistencia a un **mínimo do 80% das aulas**. É obrigatorio realizar e entregar no prazo establecido todos os **traballos asignados** durante o desenvolvemento das aulas. Os traballos non entregados ou entregados fóra de prazo contarán coma un cero.

A entrega de traballos e exercicios implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado por este sistema non poderá presentarse ao exame correspondente á avaliación única (ver apartado 1.2.), e a súa cualificación na primeira edición de actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso.

1.2. Avaliación única

Se algunha alumna/o non se pode acoller á avaliación continua por **motivos xustificadados**, deberá comunicarllo ao profesor argumentadamente **ao comezo do cuadrimestre (nas dúas primeiras semanas de clase)**. Nese caso, poderá ser avaliada/o mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar ao final do cuadrimestre, nunha data que será acordada entre profesor e alumnado con antelación suficiente.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posíbel, o cal se recomenda encarecidamente. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsábel de manter un contacto continuado coa materia a través de Faitic.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Na **segunda edición de actas (xullo)** a avaliación levarase a cabo mediante un **exame único**, baseado nos contidos da materia, cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas e titorías con regularidade e se implique activamente no seu proceso de aprendizaxe.

Bibliografía. Fontes de información

Baker, Paul (ed.) (2009). *Contemporary Corpus Linguistics*. Londres: Continuum.

Borràs Castanyer, Laura (ed.) (2005). *Textualidades electrónicas*. Barcelona: Editorial UOC.

Clark, Alexander, Chris Fox e Shalom Lappin (eds.) (2010). *The Handbook of Computational Linguistics and Natural Language Processing*. Malden: Wiley-Blackwell.

Coleman, John (2005). *Introducing Speech and Language Processing*. Cambridge: Cambridge UP.

Indurkha, Nitin e Fred J. Damerau (eds.) (2010). *Handbook of Natural Language Processing, Second Edition*. Boca Raton: Chapman and Hall/CRC.

Martí, Maria Antònia (ed.) (2003). *Tecnologías del lenguaje*. Barcelona: Editorial UOC.

McEnery, Tony et al. (2006). *Corpus-Based Language Studies*. Londres: Routledge.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingüística: Describir a linguaxe/V01G180V01201

Outros comentarios

Nesta materia, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento clave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a presenza e participación activa na aula.

Para superar a materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como nas horas de traballo persoal fóra da aula. Xa que logo, recoméndase firmemente o estudo diario da materia, así como a lectura atenta de todos os materiais proporcionados ao longo do desenvolvemento das aulas.

O alumnado deberá ter acceso a Faitic e consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que este será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais por parte do profesor.
